

ÁREA URBANA NORDESTE AUDITORÍA CIDADÁ

A área urbana nordeste comprende os barrios de San Pedro e Belvís, o barrio das Fontiñas, Viso e Vieiro; a zona de Monte dos Postes, Rúa das Fontiñas, Cotaredo e Altiboia; o barrio das Cancelas e San Lázaro e Amio.

Unha área ampla e diversa na que residen aproximadamente 22.000 veciños e veciñas e que presenta diferentes necesidades específicas, tal e como fomos recollendo neste ano e medio a través da auditoría cidadá. Unha diagnose realizada atendendo tanto peticións e suxestións individuais como canalizadas a través do tecido asociativo destes barrios:

AVV A Xuntanza · AVV Camiño das Fontiñas
AVV Camiño Francés · AVV Monte do Gozo
AVV As Fontes · AVV Amigos de San Pedro

A partir deste traballo de interlocución detectamos as demandas máis necesarias da área, que resumimos neste listado. No encontro co goberno AO VIVO de hoxe esperamos contrastar estas peticións, dar conta do que levamos feito — así como marcar previsións futuras— e sobre todo darvos a palabra para achegar, completar, esixir e participar da co-gobernanza da nosa cidade.

DEMANDAS

- Peonalización da rúa de San Pedro
- Arranxo da pérgola da rúa Ameixaga e tratamento de bancos e demais mobiliario urbano
- Creación de itinerarios escolares para os colexios Vilas Alborada e Apóstolo Santiago
- Instalación de bancos nas escaleiras de Triacastela, na rúa do Medio e na rúa de Betanzos
- Retirada dos elementos biosaúdaes da praza 8 de marzo
- Instalación dunha caixa de enganches eléctricos para usar cando hai actividades na rúa
- Destinar a rúa Lagartos a uso exclusivo de residentes
- Adquisición de autobuses de menor tamaño e reformulación de liñas, pasando unha por rúa Betanzos e Almácgia
- Reincorporar o local veciñal da Xuntanza á Rede de CSC
- Reurbanización da rúa da Batalla de Clavijo.
- Aparcamento para residentes no espazo libre de Triacastela
- Instalación dun elevador nas escaleiras de Triacastela
- Plan de axuda para a instalación de ascensores

- Revisión do censo dos vaos
- Instalación de varandas na ruela das Fontiñas na subida do parque de Belvís, nas escaleiras da Rúa do Medio, no Campo da Angustia e na Costa do Vedor
- Soterramento dos contedores en Quiroga Palacios
- Rehabilitación do Cruceiro da rúa de San Pedro
- Revisión do alumeadado rúa do Home Santo
- Procura dunha solución para as infravivendas do Campo de San Antonio
- Control de puntos de venda e tráfico de estupefacientes, e posta en marcha de programas de prevención para a mocidade
- Incrementar a seguridade infantil no parque da Trisca cun peche perimetral, e colocar un sinal de Ceda o paso
- Poda de árbores do parque da Trisca
- Conxelación de novas licenzas hostaleiras relacionadas co turismo
- Soterramento do transformador de enerxía eléctrica propiedade de Gas Natural Fenosa
- Reparación das beirarrúas dos Concheiros e posible reparación integral.
- Control dos coches estacionados en triple fila na rúa dos Concheiros
- Cámara de vixilancia do tráfico na Cruz da rúa de San Pedro
- Reparación da Calzada da Cruz de San Pedro
- Reparación de pedras das beirarrúas da Costa do Vedor
- Pintar a varanda da Costa do Vedor
- Situar unha parada de autobús no final da rúa Quiroga Palacios
- Colocar unha varanda na rúa Carricova, no centro das escaleiras
- Poda das árbores das rúas Luxemburgo, Praga, Roma e Varsovia
- Podar setos da rúa Berlín
- Limpeza de arquetas nas Fontiñas
- Arranxo do paso peóns da rúa de Roma
- Colocación dunha pedra diante do CSC
- Poda de tullas na rúa de Atenas
- Solucionar o estado de abandono dunha edificación na rúa Roma, así como unha figueira e banco que invaden a beirarrúa
- Reparar os contedores do lixo soterrados da rúa das Fontiñas
- Mantemento do parque da rúa das Fontiñas, e solución aos problemas de escorrentías e falta de limpeza de auga que discorre polo parque inacabado
- Mantemento, limpeza e reparación da fonte do Cabezón da rúa das Fontiñas
- Reposición das árbores da beirarrúa da rúa Jaca
- Solucionar o problema de acceso do camiión de recollida do lixo aos contedores das rúas Jaca e Coto
- Instalación da placa co nome da rúa Cotaredo
- Solucionar problema de sumidoiros na rúa Cotaredo, fronte ao Monterrey

- Aparcamento na rúa do Valiño permitido por horas, e non reserva exclusiva para o colexio
- Cambio de uso da zona de carga e descarga ao final da rúa do Valiño, ao lado da farmacia (que non se utiliza)
- Mellora da iluminación, roza de maleza e supresión de barreiras arquitectónicas na rúa Fonte dos Concheiros
- Actuación na fonte dos Concheiros, que se atopa enterrada na rúa Fonte dos Concheiros
- Reurbanización da rúa Altiboia e limpeza de maleza
- Información sobre o proxecto da rúa das Fontiñas
- Mediación coa promotora B4 de Vivendas Sociedade Cooperativa Galega para o arranxo da rúa Coto, onde está pendente por completar unha esquina en obras e unha beirarrúa
- Arranxo da ponte de San Lázaro
- Pavimentación da pista da Agriña da Granxa á Volta dos Bois
- Roza da rúa da Canteira de Abaixo
- Colocación de sumidoiros para diversificar os puntos de recollida de auga en Amio
- Reposición de farola na praza da Muíña
- Reparación das tapas de arquetas na rúa da Muíña
- Redacción do proxecto para a conexión accesible e cuberta entre os dous edificios do CEIP das Fontiñas
- Pista polideportiva no SUNP-5 da Muíña
- Regulación do tráfico na rúa da Muíña, Porto de Amio e a Mariñeira, con pasos de peóns elevados
- Reparación dun muro na ponte de Porto do Medio
- Selado dunha fenda no pavimento da rúa da Canteira de Abaixo
- Limpeza e roza das marxes do río do Porto
- Urbanización (ou redacción do proxecto) da rúa do Cubelo, entre a praza da Muíña e Penamaría
- Cambio na rede de sumidoiros en Amio e Mallou
- Reparación da pavimentación de pedra na Praza da Igrexa de San Lázaro
- Arranxos na rúa desde Penamaría (cruce coa 25 xullo) ata Borobó (acceso campo fútbol Sergas)
- Arranxo do estacionamento da avenida de San Lázaro
- Arranxo de fochancas nas Fontiñas
- Actuacións de mellora do Camiño Francés (incluído no protocolo asinado coa Xunta para a mellora dos tramos composteláns dos Camiños de Santiago)

● Feito

● En trámite

FALAMOS



Actos de
rendición de
contas do
alcalde
e dos e das
integrantes
do goberno
municipal de
Santiago

**SÁBADO, 25 DE FEBREIRO
CSC DAS FONTIÑAS. 11.30H**

URBANA NORDESTE

San Pedro, Belvís, Fontiñas, Viso,
Camiño Francés, Monte dos
Postes, San Lázaro e Amio

Coa participación do alcalde,
Martino Noriega, e os concelleiros
e concelleiras do grupo
de goberno



Que son os encontros AO VIVO?

Son actos de rendición de contas do alcalde e de todos os integrantes do goberno municipal de Santiago. Encontros nos que se dá unha comunicación AO VIVO entre a cidadanía e o executivo local co obxectivo de constituír un novo espazo participativo no que veciñanza e goberno poidan conversar e establecer relacións directas.

Por que agora e non antes?


Os encontros do goberno AO VIVO son un paso máis no labor de apertura do Concello á cidadanía. Durante o primeiro ano e medio deste mandato o goberno municipal reuniuse con case a totalidade do tecido asociativo da cidade co obxectivo de recuperar a confianza na institución. Encontros e visitas a barrios e parroquias nas que o asociacionismo veciñal foi o mellor aliado para testar as necesidades da cidade e así construír a **auditoría cidadá** que hoxe guía o labor de goberno. Unha vez finalizado este proceso, é a vez de contrastar coa veciñanza AO VIVO todo o recollido, de marcar prioridades, incorporar demandas e explicar problemáticas onde as haxa.

Haberá encontros en todos os barrios e parroquias?

Co obxectivo de abarcar todo o territorio realizaranse nove encontros AO VIVO, repartidos en 6 áreas urbanas e 3 áreas rurais. Cada unha das áreas agrupará a un conxunto de barrios ou parroquias próximos que moitas veces comparten problemáticas. O feito de ser un número reducido de barrios tamén permitirá que se traten temas concretos de cada barrio ou parroquia.

Que temas se poden tratar?

Todos os que teñan que ver co goberno municipal, coas demandas da cidadanía, cos proxectos en marcha ou cos proxectos futuros. Aínda que se divida o termo municipal en áreas, os temas a tratar poden ser referentes a cada unha



desas áreas, a un barrio ou parroquia en concreto, ou ao conxunto da cidade. Os encontros do goberno AO VIVO son unha oportunidade de corresponsabilizármolos en construír un Santiago mellor entre todas e todos.

Cando e onde se celebran?

Co obxectivo de facilitar ao máximo a asistencia cada AO VIVO celebrarase un sábado pola mañá en diferentes espazos municipais da cidade e serán anunciados con suficiente antelación. O penúltimo ou o último sábado de cada mes serán os días escollidos, facéndose público o calendario para todo o ano a principio do mesmo. Ademais, contaremos con servizos de conciliación para que quen teña crianzas poda asistir igualmente, así como un servizo de interpretación da lingua de signos.

Como se desenvolve un encontro AO VIVO?

No inicio de cada encontro o alcalde e algúns dos membros do goberno farán unha introdución ao acto no que explicarán a Auditoría cidadá que será entregada aos asistentes, en que punto estamos na resolución dos problemas, e que perspectivas e proxectos existen para o futuro. Despois desta breve primeira parte será a vez da veciñanza asistente que poderá participar AO VIVO. Para garantir que todas as persoas teñan oportunidade de falar contaremos con persoal profesional da mediación que regulará o debate, medindo tempos e favorecendo a diversidade de todas as achegas.

COMO FUNCIONA ESTE ENCONTRO?

Benvida/o! Os encontros co goberno AO VIVO pretenden favorecer o diálogo entre a veciñanza e a equipa de goberno municipal. Para facilitalo, imos basearnos nos seguintes principios:

1. ROLDA DE PALABRA

O equipo de moderación encargárase de tomar nota dos nomes das persoas que queiran intervir. Faremos roldas de palabra de cinco intervencións, despois responderá o goberno. Ao concluír, abriremos outra rolda de palabra até esgotar o tempo previsto.

2. INTERVENCIÓNS BREVES E CONCRETAS

Dous minutos por intervención e catro para

a réplica do goberno. Tenta levar claro o que queiras dicir, preguntar ou comentar. Deste xeito será máis doado responder ao que sinales.

3. DIVERSIDADE POR IDADE E XÉNERO

Alternaremos homes e mulleres, persoas maiores e novas, etc. Tamén procuraremos que se expresen o maior número de voces diferentes, por iso terán preferencia aquelas persoas que aínda non falasen.

4. RESPECTO MUTUO

Calquera intervención é ben acollida, desde a crítica ao enfado, desde a satisfacción á curiosidade. A base para expresala é o respecto mutuo por todas as persoas, presentes ou non.

AVALIACIÓN URBANA NORDESTE

Sexo?

Home Muller

Idade?

Como valoras este encontro?

Como valoras o espazo (comodidade, accesibilidade...)?

Foi axeitada a súa duración?

Foi axeitado o seu horario?

Deixa aquí as túas suxestións